



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 04)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño.

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xaneiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE BARREIROS E CASTRO DE REI, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Barreiros e Castro de Rei, no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019,



fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”. Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Barreiros

O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BARREIROS	31	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CTRA DE A BARCELA, CTRA DE A PEDREIRA, ACCESO ALTO GONDÁN, IGLESIA DE SAN XUSTO A CAMPO DA FESTA, ACCESO EN FERREIRÍA, CTRA DE SARXENDEZ, SUIGREXA, DE ROTONDA DE AUTOVÍA A CTRA DE TRABADA, CTRA DE INSUA E URBANIZACIÓN DE VILADAÍDE	1531.76201	45.589,54

Así mesmo, por escritos de data 26-12-2019 e de data 14/01/2020, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO: TELECLUBE, VILLAMARTÍN PEQUENO, RILLEIRA, FIXOUCOS DESDE N-634, O BARRAL, BARRIO SUAIGREXA E O CAMIÑO NOVO	1531.76201	2.497,81€	45.589,54€	48.087,35€

Concello de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CASTRO DE REI	31	MELLORA E MANTEMENTO DE ACCESOS A ANCAO, DENDE P.K. 77+960 DA N-640 O PK 0+510 DA LU-760 (MONDRIZ), Á GRANDA DE CANAVAL, DENDE P.K. 1+360 DA LU-P-1114 (DUANCOS), O CASTRO, DENDE P.K. 1+600 DA LU-P-1114 (DUANCOS); Ó BARRIO DE QUINTELA, DENDE O PK 2+00 DA LU-P-1114 (DUANCOS-ORIZÓN); O BARRIO DE VILA, DENDE O PK 3+880 DA LU-P-1114 (ORIZÓN); FREINOVAL, DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 032 (ORIZÓN); Á ESCOLA DE ORIZÓN DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 032 (ORIZÓN); CARBALLO E A COSTA, DENDE A ANTIGA LU-P-1706 (TRIABÁ); BARDANCOS E BOUZAVELLA, DENDE A VÍA MUNICIPAL 010 046 (TRIABÁ) E VIAS INTERIORES DO NÚCLEO DE MATODOSO, NO P.K. 83+200 DA LU-P-1611 (TRIABÁ), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	30.577,49



Así mesmo, por escrito de data 16/01/2020, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
CASTRO DE REI	REM	PAVIMENTACIÓN VÍA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE PREVESOS: DE TOURODAL A AS TRAPAS	1531.76201	19.417,18€	30.577,49€	49.994,67€

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos Concellos, no Plan único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Barreiros e Castro de Rei e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO: TELECLUBE, VILLAMARTÍN PEQUENO, RILLEIRA, FIXOUCOS DESDE N-634, O BARRAL, BARRIO SUAIGREXA E O CAMIÑO NOVO	1531.76201	2.497,81€	45.589,54€	48.087,35€
CASTRO DE REI	REM	PAVIMENTACIÓN VÍA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE PREVESOS: DE TOUROPAL A AS TRAPAS	1531.76201	19.417,18€	30.577,49€	49.994,67€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil e vías e obras, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6RYPT6HRHPTG572FYQENPPJ4.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV6R2C75BBB3XTX53Q7SEHX7NY.

Xustificación de criterios, con CSV: IV6RGKK2LNJSRS4KQM555ZLBEI

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6RGP2CJHW5VLZKBVYUOICGFY

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6RGP2YBXUJRLZPRVEDOEHECA

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil e vías e obras, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade dunha prórroga anual.

2º.- Aprobado o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobado e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos

principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 57.630.76 euros. O orzamento base de licitación inclúe 10.002,03 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 47.628,73 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o concello de Meira, coa finalidade común de colaborar na financiación y ejecución de las obras del “Proyecto de mejora del saneamiento y depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Meira, coa finalidade común de colaborar na “Financiación y ejecución de las obras del proyecto de mejora del saneamiento y depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107” que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:



Antecedentes

Proposta de borrador de convenio de interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira.

Don Agustín Méndez Moirón, Alcalde accidental do Concello de Meira, achega no Rexistro Xeral desta Deputación de Lugo (de data 03/10/2019) escrito debidamente asinado a través do que solicita colaboración cunha achega económica para poder efectuar as obras del “Proyecto de mejora del saneamiento y depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107”.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Meira, a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil coa finalidade común de realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	FINANCIACIÓN Y EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE MEJORA DEL SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN EN MEIRA (LUGO). PDM MIÑO-SIL XGXXG0SBED29UR0107”.		
ADMINISTRACIÓN PARTÍCIPE	APORTACIÓN ANUALIDADES		TOTAL
	2020	2021	
CHMS, O.A.	256.140,00€	171.360,00	427.500,00€
DIPUTACIÓN DE LUGO	68.304,00€	45.696,00€	114.000,00€
AYUNTAMIENTO DE MEIRA	17.076,00€	11.424,00	28.500,00€
TOTAL	341.520,00€	228.480,00€	570.000,00 €

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidades de 2020 e 2021 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Consta no expediente certificado da Secretaría do Concello de MEIRA, do acordo adoptado , en sesión celebrada con data 30/09/2019, na que se prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, A Deputación Provincial de Lugo e o

Concello de Meira coa finalidade de financiar, executar e entrega ao concello das obras de “Financiación y ejecución de las obras del proyecto de mejora del saneamiento y depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXX0SBED29UR0107”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público



vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras



administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia



e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O concello de Meira é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; (...)”.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento

domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...).”.

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal.

Compre lembrar que o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, determina que, en particular, non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.



Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia, e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Meira dun Saneamento e depuración en Meira (PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107), prevese a seguinte financiación nas anualidades indicadas no recadro:

ANUALIDADE	ORZAMENTO			
	CHMS	DEPUTACIÓN LUGO	CONCELLO MEIRA	TOTAL
ANUALIDADE 2020	256.140,00	68.304,00	17.076,00	341.520,00€
ANUALIDADE 2021	171.360,00	45.696,00	11.424,00	228.480,00€
TOTAL	427.500,00	114.000,00	28.500,00	570.000,00€

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2021 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.



Así pois a proposta de texto do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o concello de Meira coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de “Financiación y ejecución de las obras del proyecto de mejora del saneamiento y depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107”, cun orzamento total de 570.000,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 114.000,00 euros, dos que 68.304,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020 e 45.696,00€ con cargo á anualidade de 2021.

3º.- A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade de 2021 a cantidade de 45.696,00€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78 do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ÁGORA	988,00
ASOC DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA ACADAR	484,00
AA.VV. “OS SEIS MUIÑOS” LAMAS	615,00
A.C. MICROEFECTOS DRAMATÚRXCOS	671,00
AA.MM. DE PARADELA	820,00
RAIOLAS-LUGO ASOC. DE PAIS E PERSOAS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO	932,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN QUE SERVIU DE BASE PARA A ADOPCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31 DE DECEMBRO DE 2019 RELATIVO Á AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NA REDE VIARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recolle o seguinte:

“Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de decembro de 2019, adoptouse acordo de ampliación de prazo para a subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.



Na proposta remitida para a súa aprobación, recóllese que existe informe favorable da Intervención Xeral, referenciando o mesmo a través do CSV; non obstante non se transcribe o mesmo.

Do mesmo xeito proponse aprobar a ampliación do prazo de execución por un prazo de tres meses, ata o 16 de marzo de 2019, cando debería figurar ata o 16 de marzo de 2020; este erro débese a que co obxecto de facilitar o traballo dos distintos servizos se incorpora ao expediente a proposta asinada en formato pdf e unha copia da mesma en formato editable. Neste caso non se gardan os cambios na proposta en formato editable, circunstancia da que deriva que na proposta asinada figure a data correcta, mentras que na proposta en formato editable figure unha data errónea.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte:

“Los simples errores materiales, de hecho, o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa”.

Tratase dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro. Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e formúlase por razóns de claridade e transparencia.

Este erro de transcripción (erro material) resulta ostensible da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor. Debe entenderse polo tanto que se trata dun mero erro ou equivocación elemental, de transcripción dado que consta no expediente o informe da Intervención Xeral debidamente asinado, co seu correspondente CSV e que na proposta asinada dixitalmente consta como data de remate da prórroga o 16 de marzo de 2020.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que co vixente artigo 105.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Tratase de un erro material, produto da transcripción de datos.

Por razóns de seguridade xurídica e transparencia e para que figure correctamente o dato no expediente, é oportuno efectuar a rectificación. (...)”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Rectificar o erro detectado no Acordo de Xunta de Goberno do 31 de decembro de 2019, relativo á ampliación de prazo para a subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial, de tal xeito que:

Onde di:



“(…)Tendo en conta que existe informe favorable da Intervención Xeral, con CSV:

Por canto vai dito, propono, a Presidencia, a adopción da seguinte Resolución:

Aprobar a ampliación do prazo de execución “Subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial”, por un prazo de 3 meses, ata o 16 de marzo de 2019, para dar cumprimento ás prestacións contractuais.”

Debe dicir:

“(…)Tendo en conta que existe informe favorable da Intervención Xeral, con CSV:
IV6R2OJNFTRI3X5KCYN56T2R6Q

Por canto vai dito, propono, a Presidencia, a adopción da seguinte resolución:

Aprobar a ampliación do prazo de execución “Subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial”, por un prazo de 3 meses, ata o 16 de marzo de 2020, para dar cumprimento ás prestacións contractuais”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DA ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL QUE SERVIU DE BASE PARA A ADOPCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE DECEMBRO DE 2019 RELATIVO Á EXTINCIÓN AO DEREITO AO GOCE DA SUBVENCIÓN DUNHA ENTIDADE DO BEN EMPREGADO III.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Detectado un erro material na Proposta remitida para a elaboración do Acordo de Xunta de Goberno relativo a extinción ó dereito ó goce da subvención dunha entidade do Ben Empregado III, o que supuxo un erro no propio Acordo de data 27 de decembro de 2019.

Considerando que procede a rectificación do citado erro, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse a rectificación do citado acordo no seguinte sentido:

Onde di:

(...)

Considerando que atendendo ó punto anterior e ante a posibilidade do incumprimento das Bases do Ben Empregado II por parte da entidade beneficiaria, con data 10 de xullo de 2019 remítese notificación á entidade Arias González José Manuel, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia (Resolución de Presidencia de data 8 de xullo de 2019), para que a entidade poida describir o acontecido.

(...)

Atendendo ó anteriormente indicado, para os efectos previstos nos artigos 25, 26 e 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, segundo ó exposto polo Servizo de Intervención e a xuízo de quen informa, considérase incumprida a Base 15 do Programa Ben Empregado IV debendo proceder á extinción do gozo da subvención e o reintegro por parte da entidade beneficiaria da cantidade de 8.800,00€ en concepto de débeda principal, a esta cantidade deberánse sumar os xuros de mora correspondentes.

Debe dicir:

(...)



Considerando que atendendo ó punto anterior e ante a posibilidade do incumprimento das Bases do Ben Empregado III por parte da entidade beneficiaria, con data 10 de xullo de 2019 remítese notificación á entidade Arias González José Manuel, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia (Resolución de Presidencia de data 8 de xullo de 2019), para que a entidade poida describir o acontecido.

(...)

Atendendo ó anteriormente indicado, para os efectos previstos nos artigos 25, 26 e 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, segundo ó exposto polo Servizo de Intervención e a xuízo de quen informa, considérase incumplida a Base 15 do Programa Ben Empregado III debendo proceder á extinción do gozo da subvención e o reintegro por parte da entidade beneficiaria da cantidade de 8.800,00€ en concepto de débeda principal, a esta cantidade deberánselle sumar os xuros de mora correspondentes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS, CORRESPONDENTES AO CURSO 2018-2019 PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Detectados erros materiais na proposta de resolución do concurso para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondentes ao curso 2018-2019, para os empregados públicos desta Deputación Provincial, aprobada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día vinte e sete de decembro de 2019, tendo en conta o artigo 105.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse á Xunta de Goberno adopte acordo procedendo á corrección no seguinte sentido:

Onde di:

“(…)

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2018-2019, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	1.889,35 €
Propios Funcionarios Interinos	3.165,00 €
Propios Trab. Laborais Temporais	189,52 €
Beneficiarios Funcionarios	50.386,43 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	13.727,22 €
Beneficiarios Trab. Laborais Fixos	7.960,17 €
Beneficiarios P. Laborais Temporais	3.671,72 €
Beneficiarios Funcionarios Xubilados	690,12 €
Orfos Laborais Fixos	502,76 €
Beneficiarios Laborais Fixos Xubilados	1.320,09 €
Beneficiarios Laborais Temporais Xubilados	894,44 €
TOTAL	84.396,82 €

Debe dicir:

“(…)

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan



na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2018-2019, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	1.889,35 €
Propios Funcionarios Interinos	3.165,00 €
Propios Trab. Laborais Temporais	189,52 €
Beneficiarios Funcionarios	51.417,09 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	12.841,78 €
Beneficiarios Trab. Laborais Fixos	6.929,51 €
Beneficiarios P. Laborais Temporais	4.557,16 €
Beneficiarios Funcionarios Xubilados	690,12 €
Orfos Laborais Fixos	502,76 €
Beneficiarios Laborais Fixos Xubilados	1.320,09 €
Beneficiarios Laborais Temporais Xubilados	894,44 €
TOTAL	84.396,82€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.